

AS VIAXES DE SULLIVAN

[Preston Sturges, 1941]

ESTREA EN NUMAX: 10.02.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

Sullivan's Travels (1941, 90')>

Dirección: Preston Sturges

Guión: Preston Sturges

Elenco: Joel McCrea, Veronica Lake, Robert Warwick, William Demarest, Franklin Pangborn, Porter Hall, Eric Blore, Robert Greig, Jimmy Conlin

Vestuario: Edith Head

Son: Harry D. Mills, Walter Oberst

Montaxe: Robert Mayo

Música: Leo Shuken, Charles Bradshaw

Fotografía: John F. Seitz

Dirección de arte: Hans Dreier, A. Earl Hedrick

Produtora: Paramount Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Infielmente tuyo, 1948

El milagro de Morgan Creek, 1944

Salve, héroe victorioso, 1944

Un marido rico, 1942

Las tres noches de Eva, 1941

Navidades en Julio, 1940

El gran McGinty, 1940

PREMIOS E FESTIVALS

Incluído no Arquivo Nacional da Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos

SINOPSE

Obsesionado coa idea de rodar un filme sobre a miseria e o sufrimento, o director de cine John L. Sullivan convence aos executivos do estudio para que lle permitan percorrer o país disfrazado de vagabundo antes de empezar a rodar. Logo de traballar como peón para unha viúva que espera del algo máis ca cortar leña, foxe da súa casa, mais o camión que o recolle lévao de volta a Hollywood.

«O amor, a pobreza, a sorte e a sétima arte danse a man nunha obra orixinal e inesquecível, que ademais lanza unha mirada descaradamente crítica ao establishment hollywoodense»

Carlos Fernández Castro, BANDEJA DE PLATA

200

200 FILMES EN NUMAX



AS VIAXES DE SULLIVAN

[Preston Sturges, 1941]

“O 8½ de Preston Sturges”

Por Ángel Comas

Preston Sturges escribiu o guión d'As viaxes de Sullivan en algo máis de dous meses, aínda que é posíbel que a idea agromase dun proxecto abortado de inicios dos 30 cando co seu amigo William Wyler realizou traballos de campo para un filme que nunca se chegou a facer sobre a delincuencia e a miseria nos barrios baixos. A Sturges sempre lle indignou a hipocrísia dos políticos e aínda máis as dificultades para a supervivencia da xente humilde. Se en *Navidades en Julio* (1940) mostrou as súas ilusións case irrealizábeis e en *El Gran McGinty* (1940) a forma como se aproveitan da súa inocencia, n'As viaxes de Sullivan mostrábase un home de éxito que se esforza por entender os seus sufrimentos. Mais segundo comentou o crítico Bosley Crowther, daríalle forma de comedia, porque sabía que a comedia tamén podía ser dura e sarcástica. [...]

Sturges non quixo grandes estrelas, escribiu o guión pensando en Joel McCrea (1905-1990), un actor que non sobreactuaba, eminentemente cinematográfico pola súa sobriedade interpretativa e moi valorado por directores como William Wyler, Gregory LaCava, Alfred Hitchcock ou King Vidor. Segundo McCrea, Sturges elixiuno porque sabía que nunca lle imporíaa ningún tipo de personalidade ao personaxe: «Se tivese elixido a Cagney sempre sería Cagney. Pero eu podería ser todo menos unha estrela de cinema». McCrea e Sturges coñecíanse desde había dez anos e certo día, cando o actor xantaba con Cecil B. De Mille na Paramount, achegóuselle e retrucou: «Ninguén fai un guión para min. Escríbeme para Gary Cooper e se este non esta dispoñíbel pásanmo a min». Esta vez foi diferente.

Tamén desde o inicio, Sturges pensara en Veronica Lake (1919-1973), daquela unha prometedoraa actriz de 22 anos a quen a Paramount estaba preparando como vampiresa (o que realmente foi logo de *El cuervo* [Frank Tuttle, 1942] ou *Me casé con una bruja* [René Clair, 1942]). [...] McCrea e Lake forman con matices a típica parella sturgesiana. El é un home que triunfou no cinema pero que, ao igual

ca Henry Fonda en *Las tres noches de Eva* (1941), sabe moi pouco da realidade. Por inconsciente idealismo quere facer un filme sobre un tema que non coñece pero por honradez consigo propio fai o posíbel por coñecer. Ela é todo o contrario. É unha muller golpeada pola vida que coñece a súa realidade pero que mantén intactas as súas ilusións. Sérvelle de cicerone a McCrea para descubrir un país descoñecido.

James Ursini definiu o filme como o 8½ [Federico Fellini, 1963] de Preston Sturges, mesturado coa súa persoal visión d'As viaxes de Gulliver, unha definición moi atinada aínda que salvando as distancias formais con Fellini. É moi posíbel que o dilema de Sullivan —seguir a facer un cinema divertido e rendíbel ou utilízalo como arma de denuncia— fose o do propio Sturges, porén semella ficar moi clara a resolución da súa disxuntiva no rótulo do prólogo: «Este filme está dedicado afectuosamente á memoria de quen nos fai rir, falabaratos, pallasos, bufóns de todas as épocas e de todas as nacións, cuxos esforzos aliviaron un pouco a nosa carga». [...] James Curtis recolle algunhas manifestacións do director ao respecto: «Cando empecei escribir non tiña nin idea do que Sullivan ía descubrir. Pouco a pouco funlle quintado todos os seus atributos mais atopei que aínda posuía algo: a posibilidade de rir. É por iso que como provedor de gargalladas recupera a dignidade da súa profesión e regresa a Hollywood facer rir». Esta postura anticipaa o seu mordomo cando, enterado do que está a piques de experimentar Sullivan, manifesta o seu desacordo: «Os pobres sábeno todo sobre a pobreza e unicamente os ricos pensan que iso ten glamour. Non apreciarán o seu filme. Penso que máis ben se anoxarán pola invasión da súa intimidade».

Publicado en *Preston Sturges*, T&B Ediciones, Madrid, 2003.

Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

200

200 FILMES EN NUMAX

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME